

DO 19 AO 23 DE OUTUBRO, 2009
SANTIAGO DE COMPOSTELA

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ECCÊNICAS
2009

XUNTA DE GALICIA

Somos afortunados. Temos sorte de contar cunha escena propia. É nosa, está feita por compañías de teatro e danza que pensan, senten e crean en Galicia. Desde aquí compoñen, ano tras ano, un traballo de calidade, rigoroso, pleno de ideas e imaxinación. Os seus artífices devecen por amosárnolo e todos os demais debemos estar satisfeitos do esforzo e do resultado, apoialo e defendelo cada un desde a súa responsabilidade.

O potencial da nosa escena é inmensa; transcende tempos, nomes e espazos. Aínda así, apostamos por reflectilo en varios escenarios de Compostela e durante cinco días. A súa visibilidade nesta Feira Galega das Artes Escénicas nunca poderá ser exhaustiva, pero si honesta. Presentamos nela non todo, pero si un importante abano dos espectáculos que se producen hoxe en día no país. Nunha modélica capacidade integradora, participan neste evento tanto os profesionais consagrados coma os artistas emerxentes, os títulos e os autores clásicos cos formatos de nova creación, os monicreques artesanais cos recursos tecnolóxicos máis avanzados, ou os xéneros tradicionais coas propostas que rachan calquera clasificación.

A gran festa do teatro galego está servida e o escaparate loce de novo sen esquecer a súa misión máis práctica: conquistar e convencer de que somos quen de compartir a nosa fortuna escénica, non só dentro de Galicia, senón tamén fóra dos nosos límites xeográficos. Benvidos artistas, profesionais, espectadores e todos cantos contribúan a este fin.

Roberto Varela Fariña

Conselleiro de Cultura e Turismo

horario	10.30 h	11.00 h	12.00 h	12.15 h	13.00 h	13.20 h		16.00 h	18.00 h	19.00 h	20.30 h	21.00 h	23.30 h
LUNS 19		11.30 h LA MACANA <i>Shure PG48</i> Showcase de danza (14')					13.30 - 15.30 h XANTAR , Restaurante Auditorio de Galicia	MALASOMBRA PRODUCTIONS <i>O día do pai</i> (90')	IVÁN MARCOS <i>Eco</i> (65')		ENTREMANS <i>Concerto desconcerto</i> (80') Danza		TEATRO DO NOROESTE <i>Glass City (Cidade de cristal)</i> (120')
		11.45 h APERTURA DA FEIRA das Artes Escénicas 2009 FALLO PREMIOS Álvaro Cunheiro, Manuel María e Barriga Verde 2009						MESA DE DEBATE "Estratexias de comunicación de espectáculos"		JAVIER MARTÍN <i>...tabú resOrte (tabú revuelta)</i> (60') Danza		LAGARTA LAGARTA <i>O segredo dos Hoffman</i> (95')	NUT TEATRO <i>Wake up</i> (70')
MARTES 20	TEATRO DEL ANDAMIO <i>Pingueiras e tariteiras</i> (58') Infantil		TÍTERES TROPICALLO <i>Violeta Coletas contra as salchichas Gulp</i> (55') Infantil		PISANDO OVOS <i>Tres</i> (15') Showcase de danza			MESA DE DEBATE "Cara ás novas programacións"		MOFA E BEFA [ESTREA] <i>Shakespeare para ignorantes</i> (90')		TEATRO DO MORCEGO <i>Kvetch, unha comedia americana sobre a ansiedade</i> (80')	QUIQUE PEÓN CÍA. <i>Ovay</i> (50') Danza
MÉRCORES 21	BERROBAMBÁN TEATRO <i>Bicharada</i> (55') Infantil		GALITOOO [ESTREA] <i>Rosalía, a pulga que escribía</i> (50') infantil		NEODANS <i>Nozomi</i> (8') Showcase de danza			TEATRO DE NINGURES <i>Atra Bile</i> (90')	TALÍA TEATRO <i>Palabras encadeadas</i> (90')		TEATRO DO ATLÁNTICO <i>O xogo de Yalta/ Afterplay</i> (120')		SARABELA TEATRO <i>A esmorga</i> (90')
XOVES 22		OS MONICREQUES DE KUKAS E REAL FILHARMONÍA DE GALICIA <i>O castelo da Rocha Vella</i> Infantil (50')		O RETRETE DE DORIAN GRAY <i>Rúa Aire</i> (60') Infantil		KIRENIA MARTÍNEZ E LEODÁN RODRÍGUEZ (ENTREMANS) <i>A medio metro de lo vivido</i> (14') Showcase de danza							
VENRES 23	11.00 h Auditorio de Galicia. Sala circular Asemblea xeral da Rede Galega de Teatros e Auditorios												

ZONA DE MERCADO E CONTRATACIÓN,
Auditorio de Galicia, 10-13.30 h e 15.30-18 h
(venres, 10-13.30 h)

 Auditorio de Galicia	 Sala Ángel Brage
 Sala circular	 Sala Mozart

Adro do Teatro ARTERia
Noroeste-SGAE

Teatro ARTERia
Noroeste-SGAE

Sala Nasa

Teatro Principal

Salón Teatro

ZONA DE MERCADO E CONTRATACIÓN

Auditorio de Galicia

10-13.30 h e 15.30-18 h (venres, 10-13.30 h)

■ OFICINA DE COORDINACIÓN DA FEIRA

Tel.: 618 029 800 | 981 577 126 (ext. 103)

www.agadic.info/feira | www.feiradasartesescenicas.com

■ EXPOSITORES

1. Talía Teatro | 2. Zancalino Produs | 3. Mago Teto
4. Asociación de Actores e Actrices de Galicia-AAAG
5. Escena Galega | 6. Teatro de Ningures | 7. Pistacatro
8. Nova Galega de Danza | 9. DANESGA. Asociación Profesional Danza Escénica Galega | 10. Teatro do Morcego S.L. Compañía residente de Narón | 11. Viravolta Títeres
12. AGASE | 13. Bstudiodanza | 14. Camerata Lírica
15. Lambráca | 16. Cabaré3 Producións. Compañía Femme Fatale.

ACTIVIDADES PARALELAS

■ MESAS DE DEBATE abertas aos asistentes á Feira

Auditorio de Galicia, sala circular, 16 h

MARTES 20

Estratexias de comunicación de espectáculos. Accións concretas, éxitos e fracasos nos medios informativos

Acadar a visibilidade social da actividade escénica a través dos medios de comunicación xeral non é tarefa doada. A mesa servirá para o intercambio profesional entre experiencias deseñadas

especificamente para este fin e os seus desiguais resultados. Na busca do arelado punto de encontro, os xornalistas achegarán as súas preferencias canto aos tipos de soportes e eventos promocionais que mellor se adaptan (ou rachen) ás rutinas actuais na produción de novas culturais.

Relatores: **Xosé Manuel Pereiro**. Decano do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia, columnista e redactor de El País, columnista de Faro de Vigo e La Opinión A Coruña | **Miguel Piñeiro**. Director de Atlantis Multimedia (empresa produtora e de servizos de publicidade e asesoramento en técnicas de comunicación e imaxe) | **José Matos Silva**. Vogal do Consello de Administración do Teatro Nacional São João (Porto). Comunicación e Relacións Externas | **Gloria Ferreiro**. Xefa de Programas da Radio Galega.

Moderador: **Carlos Roma**, redactor de Correo-TV.

MÉRCORES 21

Cara ás novas programacións. Determinantes e métodos para a incorporación dos formatos escénicos actuais

Nos últimos tempos estamos a asistir a unha realidade evidente nas carteleiras. Os novos formatos escénicos que propoñen os creadores mudan a outrora clarísima fronteira entre xéneros por unha liña cada vez máis feble. As propostas actuais, pola súa interdisciplinabilidade ou pola propia concepción do espazo escénico que defenden, fannos valorar a vixencia e o futuro dos teatros convencionais, un futuro que quizais deba pasar por idear fórmulas de integración máis transversais nas programacións para dar cabida dun xeito natural ás tendencias máis innovadoras que adoitan concentrarse en mostras ou salas específicas.

Relatores: **Lola Correa**. Directora artística do Festival ALT de Vigo | **Mateo Feijóo**. Director do Teatro de La Laboral - Ciudad de la Cultura (Xixón) | **Pepe Vélez**. Director artístico de Teatros de Cádiz. Moderadora: **Arantza Villar**, actriz dos grupos Nut Teatro e Chévere.



SHURE PG48

LA MACANA

LUNS 19 | 11.30 H
AUDITORIO DE GALICIA

Hoxe lín que non podo deixarte caer, nin mollarte, nin acercarme demasiado a ti. E non sei como non te matei aínda.

Creación e interpretación: Caterina Varela,
Alexis Fernández

Asistencia de dirección: Claudia Faci

Música: Vitor Joaquim

Deseño de luces: Octavio Mas

Vídeo promocional: Masako Hattori

Produción e distribución: La Macana

Duración: 14 minutos

670 279 805

correoparalamacana@yahoo.es

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCÉNICAS
2009

SHOWCASES DANZA

TRES

PISANDO OVOS

MARTES 20 | 13.00 H
ADRO DO TEATRO ARTERIA NOROESTE-SGAE

A Muller.

Un xogo de encontros e desencontros de tres persoas, de tres mulleres condicionadas pola súa sexualidade e as súas experiencias persoais acerca dela, do individual e do común, unha oportunidade de construír un mundo novo onde redescubrirse a si mesmas.

Creación e interpretación: Andrea Quintana,
Janet Novás, Rut Balbis

Dirección: Rut Balbis

Axuda en dirección: Alfonso Castro

Música orixinal: David Fernández "Jevi"

Duración: 15 minutos

607 642 809

pisandoovos@hotmail.com



NOZOMI NEODANS

MÉRCORES 21 | 13 H
ADRO DO TEATRO
ARTERIA NOROESTE-SGAE

Sólodos é un espectáculo formado por diferentes pezas independentes entre si; son pequenos relatos bailados por só dúas persoas. A peza *Nozomi*, que forma parte deste espectáculo e destes relatos, fala sobre o valor do tempo e do instante, nas imaxes da nosa mente. Nun momento pode ocorrer todo ou non pasar nada.

FEIKA
GALEGA
DAS ANTES
ESCENICAS
2009

Coreografía: Maruxa Salas,
Erick Jiménez

Intérpretes: Miguel Ángel
Ponte, Carmela García

Duración: 8 minutos

630 742 946/ 687 554 539

neodans@gmail.com

SHOWCASES DANZA

A MEDIO METRO DE LO VIVIDO

KIRENIA MARTÍNEZ
E LEODÁN RODRÍGUEZ
(ENTREMANS)

XOVES 22 | 13.20 H
ADRO DO TEATRO
ARTERIA NOROESTE-SGAE

O vivido está renxendo a medio metro dun mesmo; só nos separa esa mera distancia que fai irrealis dos feitos. Canto se pode vivir a medio metro... canto nos pode afastar!

A medio metro, como dúas illas.

Autoría: Kirenia Martínez
e Leodán Rodríguez

Dirección e coreografía: Kirenia
Martínez e Leodán Rodríguez

Vestuario: Kirenia Martínez
e Leodán Rodríguez

Música: Colaxe musical

Intérpretes: Kirenia Martínez
e Leodán Rodríguez

Duración: 14 minutos

617 654 332

entremans@mundo-r.com



40

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009

O DÍA DO PAI MALASOMBRA PRODUÇÕES

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos
LUNS 19 | 16 H | SALA MOZART (AUDITORIO DE GALICIA)

O DÍA DO PAI

Tres homes, de moi diferente aspecto, idade e condición, foron citados nunha clínica de reprodución asistida.

Descoñecen o motivo pero sospeitan que son requiridos para seren obxecto dunha proba de paternidade. Cren non teren nada en común, aínda que pronto descubrirán que os tres mantiveron unha relación coa mesma muller, que os someterá a unha delirante "proba de paternidade". Manuela decidiu ser nai solteira e busca un pai solteiro. ¿Cal dos tres será o máis adecuado para converterse en pai?

Autoría: Ana Graciani, Gabriel Olivares

Dirección: Marcos Orsi

Adaptación: Xoque Carbajal

Tradución: Teresa González Costa

Escenografía: Ana Tusell

**Iluminación: Xabier Adán (Beca),
Xoque Carbajal**

Son: Malasombra Producións

Vestuario: Malasombra Producións

Música: Malasombra Producións

**Elenco: Alberto Rolán, Pablo Alvarado,
Jouse Garcia, Xoque Carbajal**

MALASOMBRA PRODUCCIÓNS

formouna no ano 2004 o actor Xoque Carbajal. Nos primeiros anos dedicábase á creación de espectáculos de rúa baixo o título de "Teatro clandestino".

No ano 2007 estrea o seu primeiro espectáculo de teatro de texto, *Non é tan fácil*, comedia escrita por Paco Mir e dirixida por Marcos Orsi.

En marzo de 2009 estrea a súa última proposta, *O día do pai*, tamén outra comedia, esta vez escrita por Ana Graciano e Gabriel Olivares, e unha vez máis dirixida por Marcos Orsi.

Tel.: 696 462 929

xoquecarbajal@gmail.com



FEINJA
GALERIAS
LABORATORIOS
BENIGNOS

ECO IVÁN MARCOS

Adulto | Teatro de actor | 65 minutos
LUNS 19 | 18 H | SALA NASA

ECO

"A nosa existencia consiste en estar continuamente en contra da natureza, dicía Glen, en actuar contra a natureza ata que renunciámos, porque a natureza é máis forte ca nós, que, por soberbia, nos convertemos nun produto artístico. Finalmente, non somos seres humanos, somos produtos artísticos".

Thomas Bernhard, *O malogrado*

A través dunha linguaxe teatral heteroxénea e multidisciplinaria, *Eco* investiga o momento en que unha figura se libera dunha superficie e alcanza a súa propia independencia, o momento en que tomamos decisións sobre o que queremos ser como seres humanos.

Partindo da biopsia, dun estudo detallado de cara á comprensión de conexións máis amplas e complexas, *Eco* reformula preguntas sobre o procesos de formación das identidades diferenciadoras, coa intención de establecer novas conexións, novas formas de percibir, novas relacións entre as cousas e as persoas.

"A xente vai ao teatro e atopa no escenario un actor que expón a súa intimidade e queda durmido. A voz do actor resulta fascinante porque, mentres el baila e dorme, está pedindo auxilio... A xente vaise do teatro e o actor segue durmido. Hai cámaras secretas que gravan a túa voz mentres falas cos teus amigos na entrada do teatro, e ti acabas formando parte do espectáculo-*performance*... Iván Marcos conta as cousas dunha forma que resulta engaiolante. Fai teatro coa emoción dos xestos e coa lírica intelectual dos obxectos".

Lupe Gómez, *Galicia Hoxe* (extracto)

Autor: Iván Marcos

Dirección: Iván Marcos

Escenografía: Iván Marcos, NeoGraph

Iluminación: Alberto Santos

Son: Christian Wolz

Vestuario: Iván Marcos

Música: Christian Wolz

Elenco: Iván Marcos

Iván Marcos estudou teatro con Manuel Lourenzo e Philippe Gaulier (Londres), teatro físico e circo contemporáneo en Circomedia (Inglaterra), así como coreografía e arte dixital no Dartington College of Arts de Inglaterra. Formouse tamén en diferentes artes marciais e en *contact improvisation*. Na actualidade centra o seu adestramento no estudo de prácticas de carácter integrador como o *tai-qi*.

Desde o humor e a vulnerabilidade, o seu traballo integra diferentes estilos teatrais e formatos artísticos, elementos narrativos e simbólicos, para xerar situacións contemplativas que dan lugar á reflexión sobre a condición do mundo e das persoas.

Iván Marcos foi codirector da compañía Hoax Productions, coa que gañou un Premio Jerwood e un Premio Fringe First no Festival de Edimburgo polo seu

espectáculo *Raw Beef*. Na actualidade é codirector, xunto con Xesús Barranco, da cooperativa artística Nena de Corpo Leve.

Ademais de dirixir as súas propias producións, Iván Marcos tamén traballa como intérprete para outras compañías de teatro e danza, como Music at the Brewhouse, Point Blank, Miren Theatre (Reino Unido) ou Matarile Teatro (Galicia), así como para diversos proxectos no eido audiovisual (Omar Martínez, Os Crebinsky, Setembro, Na Distancia...). É, así mesmo, un profesor experimentado en disciplinas teatrais e formas de meditación baseadas no movemento orientadas ao traballo de actores e bailaríns.

Tel.: 665 901 612

info@ivanmarcos.net

www.ivanmarcos.net

A photograph of three performers on a stage. On the left, a woman in a dark, sleeveless dress holds a small golden bowl and a wooden stick. In the center, a woman in a purple patterned dress has her mouth open as if singing or shouting. On the right, a man in a dark vest and shorts stands with his hands on his hips. The background is black, and the scene is lit with warm, orange light.

FEIKA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009

CONCERTO DESCONCERTO ENTREMANS

Adulto | Danza | 80 minutos
LUNS 19 | 20.30 H | TEATRO PRINCIPAL

CONCERTO DESCONCERTO

Creo que todo ten que ver coa terrible circunstancia de estar rodeado de auga por todas partes...

Afortunadamente só foi un apagón da alma. Este durou arredor dunha hora, pero bastou para deixar un arrecendo de café negro que agasallaba unha apoteose de lembranzas con rostros, murmurios, ilusións e anécdotas, unhas certas e outras non.

Bailando nunha especie de áurea de nostalxia que ao parecer protexía os acordos irados.

¡Ai, avoa! Ti, na túa butaca arrolando cubanía a berros, bicos, bolero e ron.

Meu, ¡quita *catao* e pon quinqué!

Espectáculo coproducido pola compañía Entremans e a Agadic a través do Centro Coreográfico Galego.

Autoría: Compañía Entremans

Dirección artística: Alexis Fernández

Asistencia de dirección: Kirenía Martínez

Dramaturxia e concepción escénica:
Alexis Fernández, Kirenía Martínez

Escenografía: Kirenía Martínez,
Alexis Fernández, Antón Arias

Iluminación: Antón Arias

Son: Ezequiel Orol

Vestiario: Kirenía Martínez

Asesoramento e produción musical:
Mercedes Peón

Produción e distribución: Estefanía Vázquez

Creación e interpretación: Alexis Fernández,
Kirenía Martínez, Armando Marten,
Caterina Varela

ENTREMANS é unha compañía galega que nace no ano 2005 da man dos cubanos asentados en Galicia Armando Martén, Ana Beatriz Pérez, Kirenía Martínez e Alexis Fernández, baixo a produción de Estefanía Vázquez (Galicia). Desde 2007 Caterina Varela (Galicia) incorporárase á compañía en diferentes pezas. Súmpanse en varios proxectos outros nomes como David Edreira (Galicia), Erick Jiménez (Costa Rica) e Angela Blanco (Galicia). É unha compañía de pequeno formato que non busca definirse nun só rexistro. As pezas creadas por eles realízanse xeralmente cunha dirección artística colectiva na que prima o discurso persoal, a experiencia de cada intérprete.

Reúnense nesta compañía diferentes xeracións que enriquecen o traballo colectivo, nutríndose da traectoria persoal de cada integrante.

Tel.: 981 131 819 / 630 867 712

artestudio-danzayteatro@unido-r.com
www.ciaentremans.blogspot.com

GLASS CITY (CIDADE DE CRISTAL)

TEATRO DO NOROESTE

Adulto | Teatro de actor | 120 minutos

LUNS 19 | 23.30 H | SALÓN TEATRO

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009



GLASS CITY (CIDADE DE CRISTAL)

Nos últimos días de agosto de 1958, cando o xefe do Estado español, o ditador Francisco Franco, pasa os veráns no pazo de Meirás, transformando A Coruña na capital de España, nesta cidade agardan a que chegue a comitiva governamental para comezar a desplumar, en diversas partidas de cartas, os visitantes madrileños que acompañan ás autoridades. Tamén inaugurarán moitas entidades e, como di o seu alcalde, Alfonso Molina, no seu bando: "Os veciños deben estar preparados para engalanar os seus balcóns e galerías con colgaduras e magníficas iluminacións... Que a inmensa ledicia que sentimos ao vernos honrados coa presenza do primeiro español (refírese a Franco) saia de forma natural ao exterior demostrando como se lle quere na súa terra".

Tamén se fían e esfían os amores e desamores daquela mocidade que, subxugada, escoita por primeira vez os sons inquietantes da nova música chegada de Estados Unidos, o *rock and roll*.

Aínda que xa leva con actividade desde hai un ano, tamén se quere que Francisco Franco inaugure a Sociedad Hípica de La Coruña, sociedade que, aínda que civil, está totalmente relacionada co estamento militar; non en van, os terreos onde se instala foron cedidos polo capitán xeneral da VIII Rexión Militar, establecido na Coruña.

Pero tamén, naqueles anos, se prepara na Coruña un dos varios atentados que sufriu Franco ao longo do seu réxime, atentado que, malia non callar, serviu de inspiración a outro que, varios anos despois, fixo saltar polos aires o coche do entón presidente do consello de ministros, Luis Carrero Blanco.

Autoría: Eduardo Alonso

Dirección: Eduardo Alonso

Escenografía: Paco Conesa

Iluminación: Eduardo Alonso

Son: Bernardo Martínez

Vestuario: Paco Conesa

Música: Bernardo Martínez

Elenco: Xavier Estévez, Luma Gómez,

Carlos Mosquera "Mos",
Maxo Barjas, Monti Castiñeiras,
Xan Casas, Christian Escuredo,

Ramón Orencio, Fernando Tato,
Fernando González, Brandán Lourenzo,
Brais Morán, Julia Méndez,
Julia Sánchez

TEATRO DO NOROESTE é unha

compañía que, na súa dilatada traxectoria de máis de 20 anos, produciu e distribuíu unha gran cantidade de espectáculos.

Entre estes espectáculos pódense salientar desde textos clásicos como *Rei Lear*, *Macbeth* ou *Noite de Reis*, de William Shakespeare, ou *As vodas de Figaro*, de Caron de Beaumarchais, ata textos máis contemporáneos como *Os xustos*, de Albert Camus, ou de autores galegos como *Historias peregrinas* ou *A grande noite de Fiz*, de Miguel Anxo Murado, e *Uriña rosa é unha rosa*, de Suso de Toro, así como o musical *Imperial: Café Cantante. Vigo 1936*, de Eduardo Alonso, entre moitos outros.

Tel.: 981 568 974 / 629 814 297
correo@teatronoroeste.com
www.teatronoroeste.com

PINGUEIRAS E TARTEIRAS

TEATRO DEL ANDAMIO

Infantil de 3 a 7 anos | Teatro de actor | 58 minutos
MARTES 20 | 10.30 H | SALA MOZART (AUDITORIO DE GALICIA)

FEIRA
GALLEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009



PINGUEIRAS E TARTEIRAS

No Castelo Grisallo todo é gris: desde o maimiño da raíña ata a súa cunca de porcelana inglesa. E tamén chove moito. A Súa Maxestade xa está cansa de colocar tarteiras debaixo das pingueiras. Pero un día chega pola porta a Compañía do Paraugas. Pouco a pouco os membros desta compañía de circo –que outrora fora esplendoroso– daranlle cor a tanta monotonía. E farán que a mesma choiva soe a música: a música das pingueiras nas tarteiras.

Autoría: Teresa González Costa

Dirección: Álvaro Guevara

Escenografía: Rodrigo Roel

Iluminación: Carlos Clemente

Son: Tatiana Likhacheva

Vestuario: Anastasia Guevara

Música: Nacho Martín

Elenco: María Lodeiro, Santi Romay,
Gema Ulloa, Anxo Tirado, Nacho Martín

TEATRO DELANDAMIO

A traxectoria de Teatro del Andamio inclúe as seguintes producións:

2004: *Edelmiro II e o dragón*
Gutiérrez.

2005: *Teatroxlaidentidad.*

2006: *Que che contan un conto.*
Yepeto.

Siguiendo a Bernarda Alba.

2007: *Insumisión.*

O monstro do castelo.

2008: *A lingua das bolboretas.*

2009: *A preguiza.*

Pingueiras e tarteiras.

A verdadeira historia dos tres porquiños e o lobo feroz.

Tel.: 617 266 375

teatrodelandamio@gmail.com

www.teatrodelandamio.com



VIOLETA COLETAS CONTRA AS SALCHICHAS GULP TÍTERES TROPICALLO

Infantil de 3 a 7 anos | Teatro de monicreques | 55 minutos
MARTES 20 | 12 H | TEATRO ARTERIA NOROESTE-SGAE

FEIRA
GALEGA
DAS ANTES
ESCENICAS
2009

VIOLETA COLETAS CONTRA AS SALCHICHAS GULP

A Violeta non lle gusta estudar, a Violeta gústalle ver a tele.

A Violeta non lle gustan as acelgas, a Violeta gústalle as salchichas.

A Violeta non lle gusta Sarita, a Violeta gústalle Miguel.

A Violeta non lle gusta que a súa nai lle dea ordes, a Violeta gústalle escoller.

A Violeta non lle gusta que o seu pai a trate como a unha nena, Violeta quere crecer.

A Violeta non lle gusta o seu irmán... aínda que un extraordinario suceso fará que cambie de opinión.

Autoría: Luis González, Marian González

Dirección: Marian González

Escenografía: Quique Bordel

Iluminación: Trompicallo

Vestiario: Trompicallo

Música: Ignacio Sanz

Elenco: Sabela Amado Rojo,
Luis González

TÍTERES TROMPICALLO comeza o seu traballo en outubro de 1996. Eva Sanz, Luis González e Marian González, profesionais do mundo das marionetas, reúnense para dar vida a un proxecto, crear unha referencia nesta linguaxe teatral e, asemade, producir espectáculos innovadores que conxuguen as técnicas clásicas con novas formas de expresión e comunicación co público. Así nacen: *Manoladas*: meses de investigación rematan coa creación dun orixinal moneco manipulado por dúas persoas e con capacidade para comunicarse co público sen necesidade da palabra.

Drácula: utilizando a técnica do *burraaku*, este espectáculo recolle o mito do cine para indagar na alma do seu protagonista e afondar nos sentimentos e contradicións do ser humano.

Jirón: clásico da marioneta de luva no que as relacións familiares e sociais son os motores desta divertida historia con inesperado final.


Manolito camaleón: o mesmo moneco creado para o primeiro espectáculo, cunha técnica renovada e perfeccionada, cobra vida de novo, cun aspecto camaleónico.

Madarín: espectáculo visual e musical dirixido aos máis pequenos, no que un peixiño pequerrecho mantén relacións de amizade, amor e solidariedade que teñen lugar nunha pequena sociedade mariña. Foi nominada ao mellor espectáculo infantil no Teatro de Rojas de Toledo no ano 2005.

Bolboretas: espectáculo de marionetas de mesa dirixido a público familiar no que de novo se tratan as relacións familiares e o medo nos máis pequenos.

Violeta Coletas contra as salchichas Gulp: nesta ocasión mestúranse diferentes técnicas de marionetas para acadar un espectáculo dinámico e divertido no que unha nena, Violeta, terá que recuperar o seu irmán a través dunha viaxe fantástica.

Tel.: 981 534 134 / 679 449 970
emedous@emedous.com
www.trompicallo.com



...tabú resOrte (tabú revuelta)...

JAVIER MARTÍN

Adulto | Danza | 60 minutos
MARTES 20 | 19 H | SALA NASA

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009

...tabú resOrte (tabú revuelta)...

"O meu movemento caracterízase por un interese pola presenza escénica, polo xogo das microtensións internas que configuran un carácter e unha actitude, por un trato rigoroso cos símbolos que busco e invento, pola suavidade, polo interese da difusa liña entre a persoa e o personaxe. Interésame a parte máis inconsciente do moverse cotián, os tics, a fluidez e por que se enquista, é dicir, que é o que se esconde detrás das nosas rixideces e como nos expresamos a través delas para así transformalas e liberalas. Tamén atendo aos estímulos que serven de motor para que alguén faga ou deixe de facer algo. Os temas que me moven na actualidade son: a soidade en compañía de todos, a antimemoria como ferramenta para estruturar novos eus ou o misterio que todo o envolve. A indiferenza ou a sospeita que representa o outro, de como nos servimos do outro como espello, se isto é un vicio ou unha ferramenta natural que ademais nos gusta, falo de identificación e empatía. Atráenme os tabús sociais e individuais relacionados coa sensualidade e os cambios ou a morte, a imposibilidade de amar e a imposibilidade de desexar. Son temas de calibre, moi instrutivos e que a min me enriquecen enormemente; contraditoriamente, dan moita vida".

...*tabú resOrte (tabú revuelta)*... conta coa sensibilidade e capacidade de traballo na luz de Octavio Mas, premio María Casares ao mellor iluminador de Galicia, co traballo escultórico de Luis Usón na escenografía e co vestuario de La Canalla. "Coquetear cos nosos propios límites, centra".

Autoría: Javier Martín

Dirección coreográfica: Javier Martín

Escenografía: Javier Martín, Luis Usón

Iluminación: Octavio Mas

Son: Javier Martín

Vestuario: La Canalla

Música: Javier Martín

Intérprete: Javier Martín

JAVIER MARTÍN (A Coruña), creador e bailarín de danza contemporánea, colabora e aprende con artistas e científicos do panorama actual para desenvolver a sensibilidade no corpo e alcanzar unha maior conciencia do movemento, traballando todo o referente ao proceso creativo e a posta en escena. Na actualidade desenvolve a creación e interpretación das súas propias pezas buscando o seu propio modo de facer. Na súa curta pero intensa traxectoria, este xove creador e intérprete sorprendeu moi gratamente cunha serie de pezas de gran honestidade e carácter, destacando elegantemente no panorama contemporáneo da danza. Desenvolve unha poética persoal de grande autenticidade, estruturando as súas pezas dentro dos rigores da improvisación pura a nivel de

movemento. Entre as súas creacións recentes, na actualidade en xira, destacan:

...*tabú resOrte (tabú revuelta)*... (Estrea o 23 de abril no Teatro Colón da Coruña).

CsO (Cuerpo sin órganos).

Improvisación en danza e luz para

Move-Escena'08 (ExpoCoruña).

Rizoma (estreado o 17 de abril no Teatro Rosalía Castro da Coruña).

Tel.: 881 883 531 / 629 163 528

javierfermandezmartin@hotmail.com

www.javiermartin.com

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009

O SEGREDO DOS HOFFMAN LAGARTA LAGARTA

Adulto | Teatro de actor | 95 minutos
MARTES 20 | 21 H | TEATRO PRINCIPAL



O SEGREDO DOS HOFFMAN

Catro membros dunha familia, rota por un segredo oculto durante anos, reúnen-se con motivo do falecemento da avoa Constanza. Os seus recordos, soños e anhelos describen un universo pechado, de enorme carga emotiva, nun texto coral que debulla unha historia intensa e envolvente.

Está baseada na novela de Alejandro Palomas, finalista do Premio Torrevieja 2008.

Autoría: Alejandro Palomas

Dirección: Rosa Álvarez

Adaptación: Roberto Salgueiro

Escenografía: Equipo Erro

Iluminación: Alfonso Parra

Son: Pórtico de Comunicación

Vestuario: Saturna

Música: Fran Pérez "Narf"

Elenco: Xosé Barato, Ernesto Chao, Belén Constenla, Rebeca Montero


LAGARTA LAGARTA é unha empresa de produción teatral nacida en 2001 que xorde da iniciativa de Ernesto Chao e Rosa Álvarez, dous actores de longa traxectoria profesional en Galicia. Se tivéssemos que definir Lagarta lagarta en poucas palabras, diríamos que é unha compañía de actores nacida co espírito de facer aqueles espectáculos e proxectos aos que moitos actores esperan e desexan enfrontarse, pero que, por diversas circunstancias, non se puideron levar a cabo no seu momento. É, polo tanto, unha compañía que pretende estar aberta a todas aquelas propostas interesantes que poidan xurdir. Este é un dos motivos polos que a compañía non conta cun cadro fixo de profesionais (directores, actores, deseñadores, etc.), senón que en cada caso, en cada produción, se buscan os máis idóneos.

Os seus espectáculos máis recentes son *As últimas lúas* e *Aeroplanos*, destacados nos últimos anos pola alta asistencia de público e moi valorados polos espectadores en canto a actores, interese do argumento e posta en escena.

Tel.: 609 432 232 / 675 950 956

lagartalagarta@hotmail.com,

lagartalagartaproduction@gmail.com



**WAKE UP
NUT TEATRO**

Adulto | Teatro de actor | 70 minutos
MARTES 20 | 23.30 H | SALÓN TEATRO

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009

WAKE UP

Con *Wake Up* a compañía Nut Teatro continúa a liña de traballo trazada nas súas anteriores propostas escénicas, onde apostaba por obras experimentais que combinaban fórmulas especificamente teatrais con outras máis próximas á arte realizativa ou de acción. O espectáculo reflexiona sobre a intimidade e as relacións xurdidas de novos modelos de convivencia que o devir dos tempos fixo aparecer: as camas quentes, expresión referida ao leito subarrendado a homes e mulleres.

Cando se derruba a fachada dunha casa queda nas paredes unha pegada da vida vivida tras ela: pintura descascada, azulexos, papel de parede, vigas de madeira, limiares. Paredes que xa non resgardan nada, á intemperie, espazos abertos que manteñen anacos de materiais vellos, estruturas espidas.

Arquitectura caducada, cicatrices na paisaxe urbana, memoria, espazos vividos.

Edificios derruídos.

Sedimentación na que se xesta a identidade.

Arquitectura sensible.

Pel activa, interactiva e sensible.

Veo que vela.

Veo que vela e revela contradicións e abusos.

Autoría: Nut Teatro

Dirección: Carlos Neira

Escenografía: Nut Teatro

Iluminación: Octavio Mas

Son: Nut Teatro

Vestuario: Nut Teatro

Música: Alain Baumann (Konic Thtr)

Elenco: Nerea Barros, Xiana Carracelas, Arantza Villar, Iria Sobrado, Carlos Neira

NUT TEATRO é unha compañía teatral galega fundada en maio de 2006 que aposta por propostas contemporáneas.

2007: *Corpus disidentes*. Teatro Principal (Santiago), A Coruña, Lugo, Pontevedra, Vigo, Ribadeo, Viveiro, O Carballiño, Cee, Gondomar, O Milladoiro e Ferrol. 51MULACRO 2007 na Sala Triángulo (Madrid), Feira das Artes Escénicas de Galicia, Escena Contemporánea (Madrid), Centro de Arte Contemporánea de Huarte (Navarra), FITEI do Porto e Sala Nasa (Santiago).

2007: *4.48 Psicose*. Sala Nasa, MITEU, 125 Anos de Teatro en Galego: A Coruña, Noia, Viveiro, A Estrada e Vilagarcía de Arousa. FITEI (O Porto), MIT (Ribadavia). Pontevedra, Vilalba, Ferrol, Gondomar, O Carballiño, Ribadeo e Vigo.

2007: *A mirada de Pier*. Sala Nasa (Santiago), Ferrol, Ourense, Pontevedra, Compostela, Vigo, A Coruña, O Carballiño, Vilalba, Lagos (Portugal), ALT (Vigo), X Mostra SESC de Cultura do Canri no Ceará (Brasil) e 15º Janeiro de Grandes Espectáculos de Recife (Brasil).

2008: *Peep Show*, *performance* creada para o ciclo 'Accion5T' do CDG, Salón teatro (Santiago).

2008: *Show Room*, no espazo Los Sastrecillos Valientes (Santiago).

2009: *Wake Up*. FITEI, Salón Teatro (Santiago).

Tel.: 981 570 157 / 619 377 772

info@nutteatro.es

www.nutteatro.es



FEINA
GALEAÑAS
DAS
BENICAS
2009

BICHARADA BERROBAMBÁN

Infantil de 3 a 7 anos | Teatro de actor | 55 minutos
MERCORES 21 | 10.30 H | SALA MOZART (AUDITORIO DE GALICIA)



BICHARADA

Se cada espectáculo dunha compañía é unha porta que se abre no momento único e irrepetible da representación, a novena porta de Berrobambán garda un mundo que nos sorprende e nos engancha desde que a luz ilumina o escenario.

Unha araña e unha formiga viven tranquilas na paz do seu recuncho, ata que un día aparece un animal misterioso... un escaravello!

Bicharada

Un equipo de bichos de excepción. Desde a primeira luz, o público –nenas e nenos, grandes e pequenos– entra no mundo de *Bicharada* descubrindo e gozando do fantástico traballo que conseguiu vertebrar o equipo de *Bicharada*.

A escenografía, o vestuario, a iluminación... todo vai encamiñado a entrar e sentir esta historia tan máxica como simple, tan sincera como divertida, tan imaxinaria como real.

Autoría: Berrobambán

Dirección: Evaristo Calvo

Escenografía: Pablo Giráldez "Pastor"

Iluminación: Fidel Vázquez

Son: Arturo Vaquero

Vestuario: Cloti Vaello

Música: Manolo Panforreiteiro

Elenco: Paula Carballeira, Chiqui Pereira, Anabell Gago

Fotografía: Mónica Gago

BERROBAMBÁN Desde o ano 2000 oito espectáculos levaron a Berrobambán de Seúl a Canadá, do territorio mudo ao musical, do texto contemporáneo ao *clown*, do público adulto ao familiar. Para este último tipo de público, Berrobambán coordinou *Circo-Lar* dentro da oferta cultural de "A Cultura Circular" e foi a encargada de organizar e coordinar a primeira programación estable de teatro familiar en Galicia: *Asteroide B-612*. O anterior proxecto da compañía foi a posta en escena do I Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil, *Boas noites*, de Paula Carballeira, que, en ano e medio desde a súa estrea, leva xa máis de 40 funcións e 8.000 espectadores e espectadoras, e xa viaxou, coas respectivas versións

portuguesa e castelá, a Caldas da Rainha, a Tondela, a Aragón ou á feira de teatro FETEN, de Xixón. Berrobambán caracterízase por querer ser unha compañía que non cesa de explorar e arriscar nas súas propostas, un proxecto artístico que se consolida como un dos máis estables e internacionais do panorama teatral galego.

Tel.: 981 573 626 / 695 929 262
distribucion@berrobamban.com
www.berrobamban.com

ROSALÍA, A PULGA QUE ESCRIBÍA CALITON

Infantil de 3 a 7 años | Teatro de marionetas | 50 minutos
MERCORES 21 | 12 H | TEATRO ARTERIA NOROESTE-SGAE

FEINA
GALERÍAS
DAS
ESCENICAS
1005



ROSALÍA, A PULGA QUE ESCRIBÍA

Había unha vez unha pulga moi, moi pequena: Rosalía. Rosalía escribe unha carta cada día, métea nun sobre, ponlle un selo e mándaa por correo. Bruno, O Canguro, un carteiro moi especial, encárgase en persoa de levárllelas aos destinatarios... e de lérllelas. Á señora Toupa porque non ve, a dona Xirafa porque perdeu as lentes, á Ovella porque non sabe ler, ao señor Ratón porque lle encanta que lle lean e a Mr. Elefante porque só sabe ler en inglés. O contido da carta é unha invitación: O MARTES 3 ÁS 10, UNHA FESTA NA CASA DE ROSALÍA. Todos reciben unha carta, todos menos Bruno, O Canguro. ¿Por que? Por que é unha festa sorpresa para... BRUNO.

Autoría: Andrea Bayer

Dirección: Santiago Alonso, Andrea Bayer,
Luis Miquel Rodríguez

Escenografía: Santiago Alonso, Begoña Paz

Iluminación: Daniel Abalo

Son: Daniel Abalo

Vestuario: Lola Gómez

Música: Diego Paz, Elena Paz

Elenco: Raquel Queizás, Óscar Ferreira

GALITON é unha empresa galega de televisión, teatro e espectáculos que fusiona técnicas e medios nunha constante experimentación por atopar un selo propio e un modelo creativo de negocios baseado en contidos intelixentes. Entre os seus traballos en televisión destacan *O Galo Cecilio* de Supermartes, as vacas *Pinta* e *Marela* de Luar ou o programa *Cousiñas*. No eido teatral, cómpre citar a varias veces premiada *Golulá* e *Babiligiub*, coas que a compañía segue xirando por Galicia, por todo o resto do Estado e, mesmo, polo exterior (Cuba, Portugal...).

Tel.: 981 819 024 / 676 256 031
teatro@galitoon.com
www.galitoon.com



FEIKA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009

SHAKESPEARE PARA IGNORANTES

MOFA E BEFA

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos
MÉRCORES 21 | 19 H | SALA NASA

SHAKESPEARE PARA IGNORANTES

Ignorancia: falta de ciencia ou de noticias sobre un asunto particular ou xeral.

Shakespeare: creador e produtor teatral de gran suceso no século XVII.

Mofa e Befa irrompen nunha académica conferencia sobre o famoso autor para poñer en primeiro plano as escenas máis ignoradas, por desidia ou falta de oportunidades, polo público actual. O riso máis cruel, as intimidades máis vergoñentas, os actos máis deshonestos e as vilanías máis astutas serán mostradas pola despiadada máquina cómica de Mofa e Befa. Asasinios, xuíces, bufóns, cornudos, delatores, racistas, oportunistas, chulos, torturadores, todos os personaxes que nunca teñen o protagonismo terán agora a sorte de mostrarse no primeiro plano.

O astuto e intelixente público de Mofa e Befa poderá tirar valiosos recursos para resolver os problemas da súa vida privada, laboral ou pública.

Autoría: Shakespeare e outros

Dirección: Quico Cadaval

Escenografía: Mofa e Befa

Iluminación: Baltasar Patiño

Vestuario: Mofa e Befa

Música: Thomas Morley, John Wilson,
Francis Cutting, Anonymous

Elenco: Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira, Quico Cadaval

MOFA E BEFA xorde como comando de comedia contemporánea hai xa máis de dous septenios, cun espectáculo que correu a base dos tópicos existentes sobre o teatro deste país. O espectáculo chamábase, ironicamente, *Para ser exactos*. Leva feitas máis de trescentas representacións e algúns dos seus fragmentos están incluídos no canon teatral da dramaturxia galega. Logo virían *Manifesto para un teatro perralleiro*, *Finis Mundi Circus*, *Cultura para dar e tomar* e *Sempre ao lonxe*.

O dúo cómico estendeu a súa actividade a outros espazos como o evento corporativo, a celebración académica, a festa empresarial, a didáctica dos negocios, a lúdica parlamentaria... Teñen feito microespectáculos sobre as altas tecnoloxías, a creación de empresas, o mundo audiovisual, etc.

Nesta actividade debemos destacar *Unha carreira de obstáculos*.

O dúo, constituído por Evaristo Calvo e Víctor Mosqueira, conta con colaboracións circunstanciais, entre os que destacan o falador Quico Cadaval e o músico Pitti Sanz. Pertencen a Excéntricas, que é a produtora que ten actualmente en xira as pezas *Obra (no comment)* e *Sempre ao lonxe*.

Tel.: 981 577 466 / 639 889 201
ruben.excentricas@gmail.com

KVETCH,
UNHA COMEDIA AMERICANA
SOBRE A ANSIEDADE
TEATRO DO MORCEGO

Adulto | Teatro de actor | 80 minutos
MÉRCORES 21 | 21 H | TEATRO PRINCIPAL

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009



KVETCH, UNHA COMEDIA AMERICANA SOBRE A ANSIEDADE

Vivimos todos baixo a ameaza das bombas, do cancro, dos axentes cancelados, da enfermidade, do paro, da impotencia do medo ao medo, dos negros, dos brancos, da policía, dos impostos da declaración da renda, de quedar calvos, de engordar, de poñernos feos, de ser parvos, de non ser enxeñosos, de ser tímidos, de preocuparnos por aprender a tocar o piano, do medo ao fracaso, de non causar boa impresión, medo á forza dos demais, a non ter xubilación, á vellez, á morte, á guerra... Esta é unha obra dedicada a todos os que teñen medo. Un espectáculo xubiloso, devastador e feroz dos seus medos e estrés diarios de toda caste "kvetch".

Imaxine un intre no que vostede puidese expresar en alto todo aquilo que pensa polo baixo, sen ser oído polos que o rodean. Imaxine a cantidade de sesións de diván na consulta do psicanalista que aforraría. Ou non?

Coprodución coa Seiva-Trupe
de Porto e o Concello de Narón

Autoría: Steven Berkoff

Dirección: Álvaro Lavín

Asistente de dirección: Lois Soaxe

Tradución: María Reimóndez

Escenografía: Carlos Alonso

Iluminación: Octavio Mas

Son: Anxo Graña

Vídeo: Julio Salvatierra

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Anxo Graña

Elenco: Celso Parada, Mónica Caamaño,
Miguel Pernas, Dorotea Bárcena,
Mundo Villalustre

TEATRO DO MORCEGO convértese neste ano 2009 en compañía residente do Concello de Narón, pasando a ter nova sede social no antigo auditorio de Narón.

A compañía foi fundada no ano 1989 polo actor e director Celso Parada e por Isabel Avila. Mantén a súa actividade ininterrompida desde entón e recibiu premios como os Compostela por *Misterio cómico* e *Doberman*, e María Casares por *Lazarillo de Tormes*. Tamén foi finalista en varias ocasións. Realizou importantes montaxes como: *O burghés fidalgo*, de Molière. *Os vellos non deben de namorarse*, de Castelao. *A gran ilusión*, de Eduardo de Filippo. *Morte accidental dun anarquista*, de Dario Fo, etc.

Na compañía traballaron e traballan importantes actores e actrices: Maxo Barjas, Luísa Merelas, Susana Dans, Laura Ponte, Imma António, Elina Luaces, Flor Maceiras, Santi Prego, X. Estévez, X. Carlos Mosquera "Mos", Carlos Blanco, Paco Campos, Miguel Varela, Mundo Villalustre, Gonzalo Uriarte, E.R. Cunha "Tatán", Damián Contreras, Pepa Barreiro, Casilda García, Sonia Rúa, Salvador del Río, etc. Entre os directores que dirixiron espectáculos para a compañía pódense citar: Bernardo Galli (El Galpón), Julio Cardoso (Seiva Trupe), Xan Cejudo, Andrés Pazos, Alvarón Lavín, etc.

Tel.: 696 416 401
celsoparada@mac.com
morcego@teletelne.es



OVAY
QUIQUE PEÓN CÍA.

Adulto | Danza | 50 minutos
MÉRCORES 21 | 23.30 H | SALÓN TEATRO

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009

OVAY

Ovay son as catro estacións do camiño da vida, os catro puntos cardinais da nosa existencia e os catro elementos da nosa alma, conceptos atemporais e encrucillados ante os que nos movemos a cegas sen comprender o sentido do noso ser, porque só se atopa na fusión de todos eles e na íntima comprensión da nosa multiplicidade.

Ovay é a viaxe interior dun bailarín, o percorrido polos estadios da súa evolución persoal, que se apaga coa lembranza de alguén afastándose coa súa equipaxe de vivencias. *Ovay* é a liberdade sen lastres, o movemento renovado, a expresión dunha inquedaanza sobre a propia esencia que xurdiu durante unha madurez vital e artística, coas preguntas e respostas do que foi, do que é e do que está por ser. *Ovay* dinlle os canteiros ao ousado que encara o perigo sen vacilar, reclamando o que é seu e dos seus. É a valentía de enfrontarse á propia evolución, de reivindicar unha identidade cultural propia, de procurar un equilibrio maduro entre o enxebre e o depurado, a forza e o sosego, o urbano e o tradicional, o masculino e o feminino.

Autoría: Henrique Peón Mosteiro

Dirección coreográfica: Henrique Peón Mosteiro

Escenografía: Henrique Peón Mosteiro

Iluminación: Baltasar Patiño

Son: Henrique Peón Mosteiro,
Xosé Lois Romero

Vestuario: Cloti Vaello

Música: Henrique Peón Mosteiro,
Xosé Lois Romero, Suso Vaamonde

Intérprete: Henrique Peón Mosteiro

Músicos: Xosé Lois Romero,
Suso Vaamonde

Fotografía: Ovidio Alderquunde

QUIQUE PEÓN CÍA. é unha compañía de danza que ten o obxectivo e a convicción de promover a danza de Galicia en todas as súas manifestacións artísticas.

A compañía nace en 2008, data na que o seu director, Henrique Peón Mosteiro, decide crear este proxecto artístico despois de 30 anos de investigación etnográfica de Galicia, e coa meta de explorar as múltiples posibilidades dos movementos tradicionais na escena moderna. A calidade e profesionalidade do seu traballo e, sobre todo, a súa teima na revalorización da cultura galega son as características que mellor definen os aliceres da compañía. Nesta nova andaina Quique Peón dedicará os seus esforzos á produción de espectáculos de danza galega, tanto a nivel nacional como internacional. O seu primeiro

espectáculo, *Ovay*, coprodución co Centro Coreográfico Galego, foi estreado e representado en Santiago o 13 e 14 de xuño de 2009, e ten pechadas funcións na Coruña e en Ferrol por medio da RGTA (9, 10 e 17 de outubro de 2009) e no teatro Molière de Bruxelas en novembro de 2009.

Tel.: 981 651 845 / 687 883 028
quiquepeon@gmail.com
www.quiquepeon.com

O CASTELO DA ROCHA VELLA

OS MONICREQUES DE KUKAS E REAL FILHARMONÍA DE GALICIA

Familiar e infantil de 3-4 a 10 anos

Musical con monicreques e actores | 50 minutos

XOVES 22 | 11 H | SALA ÁNGEL BRAGE (AUDITORIO DE GALICIA)

FEIKA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2005



O CASTELO DA ROCHA VELLA

Espectáculo musical cunha introdución cómico-didáctica a cargo de dous actores que lle achegan ao espectador a ciencia da arqueoloxía e o introducen no coñecemento dos instrumentos que forman unha orquestra, para dar paso á narración musicada do conto e representación con monicreques das aventuras de tres amigos, un can, unha toupa e un corvo que nos descubren dun xeito sinxelo e adaptado para os máis pequenos a historia de Compostela, do Camiño e das loitas Irmandiñas e lendas do Castelo da Rocha Vella.

Autoría: Luciano García Alén

Dirección escénica: Marcelino de Santiago (Kukas)

Dirección orquestral: Maximino Zumalave

Adaptación: Kukus

Escenografía: Kukus

Iluminación: Fili Cabaleiro, Kukus

Vestuario: Isabel Rei

Música: Amador Santos Bartolomé


Elenco: Borja Insua, Raquel Queizás, Isabel Rei Pousada, Marcelino de Santiago, Alberte Viveiro e Real Filharmonía de Galicia

OS MONICREQUES DE KUKAS

O 4 de marzo de 1979, Marcelino de Santiago e Isabel Rei crean Os Monicreques de Kukus, a compañía de marionetas máis antiga de Galicia. En 30 anos producen máis de 40 espectáculos e fan miles de representacións. En 1994 Kukus dirixe *O Mariscal*, producida polo CDG. No 95, o Parque Temático dos Pobos de España de Kintsetu en Xapón encárgalles seis marionetas. En 1997 o IGAEM encárgalles *Unha noite no Pórtico do Paraíso*. Nese mesmo ano Kukus é homenaxeado polo seu traballo polo Centro de Documentación de Itéres de Bilbao. En 1999 celebran o XX aniversario cunha exposición no Pazo de Congresos e Exposicións de Santiago. Desde 2001 colaboran coa **Real Filharmonía de Galicia**, dirixida por Antoni Ros

Marbá, na montaxe de musicais como *O retablo de Maese Pedro*, *O Carnaval dos animais* ou *San Nicolás*, dirixida por Maximino Zumalave. No ano 2004 o IGAEM encárgalles *Galiza Máxica* polo seu 25 aniversario. En 2006 o Ministerio de Cultura, a través da Sociedade Estatal de Conmemoracións Culturais, encárgalles *A doncela guerreira*, de Dieste, en homenaxe ás Misións Pedagóxicas. No ano 2009 son homenaxeados por Titiricuencia con motivo do seu 30 aniversario e colaboran coa Real Filharmonía de Galicia, dirixida por Maximino Zumalave, na posta en escena de *O Castelo da Rocha Vella*, con texto de Luciano García Alén e música de Amador Santos Bartolomé.

Tel.: 981 562 734 / 609 884 630
monicreques@mundo-r.com
<http://kukas.biocultural.net/>

A photograph of two men on a stage, both wearing red suits and red bowler hats. They are focused on inflating a long, white balloon animal. The man on the left is holding the top part of the balloon, while the man on the right is working on the bottom. The background is dark, with some vertical panels and a small blue light source on the left. The overall atmosphere is theatrical and whimsical.

RÚA AIRE

O RETRETE DE DORIAN GRAY

Infantil de 7 a 12 anos | Teatro de monicreques | 60 minutos
XOVES 22 | 12.15 H | TEATRO ARTERIA NOROESTE-SGAE

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009

RÚA AIRE

O Retrete de Dorian Gray, en coprodución co Centro Dramático Galego, presenta...

Unha vetusta máquina de procesar e inflar globos...

Unha xénese nada máis empezar...

Un puñado de globos emperrados en vivir...

Unha ducha accidentada...

Unhas malvadas tesoiras de ideas fixas...

O vento que chama á porta...

Un país vítima dunha praga de bolsas de plástico...

Unha bomba de inflar con patas...

Un final que coincide coa conclusión da obra...

E iso.

(polo medio, algunha cousa máis...)

Autoría: O Retrete de Dorian Gray

Dirección: Jordi Farrés

Escenografía: José Perozo, Rafa Barreiro

Iluminación: Fidel Vázquez

Vestiario: Cloti Vaello

Música: Pablo Rega

Elenco: Marcos PTT Carballido, Ezra Moreno

Fotografía: José Luis Novo

O RETRETE DE DORIAN GRAY

pretende explorar os escabrosos territorios do teatro visual, o teatro físico, a manipulación de obxectos... todo iso sen esquecer que o espectador está aí adiante, ou aos lados, e mesmo detrás, de modo que, para non deixalo de lado, investigan formatos próximos nos que ver un espectáculo sexa algo máis que un estímulo ocular e auditivo. Iso é o que pretenden. Que o consigan xa é outra cousa.

Os seus espectáculos *Blazek e Rúa Aire* (coproducido polo Centro Dramático Galego), así como os seus formatos de *Entresort Ne Me Quitte Pas* e *Teatrillo Mágico*, estiveron presentes nos festivais Escena Poblenu (Barcelona), Festus (Torelló), Trapezi (Reus), Panorama (Olot), Mostra de Autores Contemporáneos (Alacant), EnClave de Calle (Burgos), Festival Internacional

Molina de Segura, Pistes de Lancement (Bruxelas), Millenium Jam (Béxica), Gest (Espanreguera), Frutos Festival (Foz-Calanda), 1, 2, 3 pallaso! (Tiana), Umore Azoka (Leioa), Veranos de la Villa (Madrid), Gallicreques, Abrazos ou D'Gorra (Santiago), ademais de en salas como Carme Teatre, Teatro Pradillo ou a Sala Nasa.

Tel.: 657 626 061

elretretededoriangray@gmail.com

www.elretretededoriangray.com

ATRA BILE

TEATRO DE NINGURES

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos
XOVES 22 | 16 H | SALA MOZART (AUDITORIO DE GALICIA)

FEIRA
GALIEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009



ATRA BILE

Nazaria, Daría e Aurora son tres irmás xa anciás que viviron toda a súa vida xuntas nunha gran casona dunha vila calquera. Esta noite de xoves están reunidas para velar o cadáver do marido de Nazaria, a única que casou, acompañadas da fiel criada de Nazaria, Ulpiana. E será ao redor deste velorio cando saian á luz as eternas querelas entre as irmás e eses segredos ocultos que permanecen alí, latentes, durante cincuenta anos.

Autoría: Laila Ripoll

Dirección: Etelvino Vázquez

Tradución: Xosé Manuel Pazos

Escenografía: Pablo Giráldez "O Pastor"

Iluminación: Etelvino Vázquez

Son: Anxo Graña

Vestuario: Carlos Alonso

Música: Anxo Graña

Elenco: Casilda Alfaro, Sonia Rúa, Josi Lage,
David Novas, Fran Paredes

Fotografía: Diego S. Seino

TEATRO DE NINGURES Despois de máis de vinte anos de actividade teatral profesional, Teatro de Ningures (fundada en 1986) reúne unha serie de recursos humanos, técnicos e materiais que fan desta compañía unha das máis estables de Galicia e un punto de encontro imprescindible para os profesionais do sur do país, así como unha referencia no panorama teatral galego.

Teatro de Ningures conta neste momento cun elenco estable, que participa nas distintas obras que a compañía mantén en cartel, formado por cinco actrices, cinco actores e dous técnicos. Todos eles gozan de recoñecido prestixio dentro do mundo do teatro galego, con premios e mencións ao seu traballo. Ademais, é unha empresa na que desenvolven

a súa actividade actores, técnicos e creadores de toda Galicia, pero fundamentalmente da provincia de Pontevedra, e na cal atopan un centro de traballo indispensable. Así, esta compañía posibilita a saída profesional e artística de moitos profesionais de toda Galicia, intentando nos últimos anos integrar xente nova, apostando por novos valores para a escena galega, contribuíndo á súa formación e á normalización do mercado de traballo teatral.

Tel.: 986 304 817 / 654 464 360
teatrodeningures@hotmail.com
www.teatrodeningures.com

PALABRAS ENCADEADAS

TALÍA TEATRO

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos
XOVES 22 | 18 H | SALA NASA

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009



PALABRAS ENCADEADAS

Un psicópata e a súa vítima, nun espazo sen posibilidade de fuga aparente, van descubrindo a súa historia, onde o que é certo e falso pende sempre dun fío. Na busca da verdade que os levou a esta situación extrema, o papel de culpable vai de man en man e o que parecía un final previsible transfórmase en inevitable.

Autoría: Jordi Galcerán

Dirección: Artur Trillo

Adaptación: Artur Trillo

Escenografía: Carlos Alonso

Iluminación: Dani Trillo

Son: Dani Trillo

Vestuario: Martina Cambeiro

Música: Fernando Fraga

Elenco: Toño Casais, María Ordóñez

TALÍA TEATRO Son xa 21 anos de traxectoria de Talía Teatro, nos que a compañía leva estreado 26 espectáculos. A súa liña de traballo caracterízase por enfocar as súas montaxes a un amplo abano de espectadores dende público infantil e xuvenil a adultos. Actualmente ten en repertorio seis espectáculos de distinto formato: *Palabras encadeadas*, drama no que a verdade e a mentira se confunden. *E ti quen vés sendo?*, comedia baseada no clásico *O Anfirión*, de Plauto, que achega as peripecias dos deuses gregos para acadar o amor de Almena. Escrita e dirixida por Cándido Pazó. *Bicos con lingua*, espectáculo que nace dun forte sentimento de amor por algo tan propio como é a lingua galega. *Quero ser grande*, comedia que nos achega en formato *sketch* unha visión

do mundo aceda e cómica desde o punto de vista da adolescencia. *Valentino Rufini e Áki Pillabán de viaxe a Millán (e van sen un can)*, espectáculo que trata de reflexionar sobre a diferenza cultural, a desconianza ao descoñecido e, por riba de todo, a necesidade de comprender que todos somos iguais, malia a cor da pel, das relixións e das posicións sociais.

Menos lobos. Escrita e dirixida por Artur Trillo, esta peza ofrece, cun ritmo trepidante, un retrato das relacións infantís, dos seus xogos, enfados e conflitos.

Tel.: 981 943 247 / 630 877 153
info@taliateatro.es
www.taliateatro.es

O XOGO DE YALTA / AFTERPLAY

TEATRO DO ATLÁNTICO

Adulto | Teatro de actor | 120 minutos
XOVES 22 | 20.30 H | TEATRO PRINCIPAL



FEIRA
GALLEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009

O XOGO DE YALTA / AFTERPLAY

O xogo de Yalta. Partindo de *A dama do canciño*, un dos máis populares contos de Chéjov, o irlandés Brian Friel constrúe esta sorprendente peza que comeza nunha viaxe de pracer e prosegue nunha baixada ao abismo do complexo mundo amoroso que envolve e convulsiona a Dmitry Dmitrich e a Anna Sergueyevna, situándoos nunha difícil encrucillada.

Afterplay. A necesidade de converter en plantación de eucaliptos o que fora unha plantación de cereais e a procura de créditos para subsistir levan a Sónia Serebriakowa a Moscú. Nun humilde café coincide con Andrei Prozorov, violinista de dura biografía, producíndose unha corrente de cómicas e dramáticas confesións das que inevitablemente os espectadores somos partícipes.

Dúas xoias do teatro contemporáneo.

Autoría: Brian Friel

Dirección: Xúlio Lago

Tradución: Goretti Sanmartín

Escenografía: Rodrigo Roel

Iluminación: Xúlio Lago

Son: Ángel Rico "Bicho"

Vestuario: Susa Porto

Música: Xavier Constenla

Elenco: Xavier Constenla, Victoria Pérez,
Damián Contreras, María Barcala, Gonzalo M. Uriarte

TEATRO DO ATLÁNTICO

leva realizadas ata o momento 25 producións, entre as que destacan *Casa de bonecas*, de Ibsen; *A noite dos tribades*, de Olof Enquist; *O cerco de Leningrado*, de Sanchis Simistera; *O encoro*, de Conor McPherson; *A raíña da beleza de Leenane*, de Martín McDonagh, ou *Unha primavera para Aldara*, de Teresa Moure.

As súas producións son representadas por toda Galicia e teñen realizado xiras por case todas as comunidades autónomas do Estado español, con participación tamén en numerosos festivais nacionais e internacionais de teatro.

María Barcala, Casilda García, Susana Dans, María Bouzas e Gonzalo M. Uriarte recibiron importantes premios de interpretación en papel protagonista por traballos realizados

en producións desta compañía, premiada tamén varias veces nos apartados de dirección e iluminación (Xúlio Lago), escenografía (Antonio F. Simón e Carlos Alonso), actor secundario (Toño Casais) ou mellor espectáculo.

Coa produción de *O xogo de Yalta*.

Afterplay celebra á súa XXV tempada.

Tel.: 981 678 103 / 608 380 471
teatroatlantico@jahoo.es

A ESMORGA

SARABELA TEATRO

Adulto | Teatro de actor | 90 minutos
XOVES 22 | 23.30 H | SALÓN TEATRO

FEIRA
GALEGA
DAS ARTES
ESCENICAS
2009



A ESMORGA

A esmorga é unha traxedia aceda e cruel de tres homes marxinais e arrabaldes de Auria –transfondo ficcional da cidade de Ourense–. Perseguidos pola Xustiza e baixo a choiva e o frío da noite, Cipriano Canedo, obreiro (O Cibrán ou O Castizo), Juan Fariña (O Bocas, O Alifante), sen oficio coñecido, e Eladio Vilarchao (O Milhomes, O Maricallas), xastre de profesión, atopan o seu desaforo no alcohol, no sexo e na violencia. A entrega aos praceres máis primarios, como fuxida á adversa realidade en que viven, lévaos á autodestrución.

A historia transcende a época e o espazo. Podería acontecer hoxe en calquera cidade occidental. Os tres esmorgueiros constitúen prototipos de individuos alienados, con pouca conciencia de clase e cunhas condicións de vida que os levan á autoexclusión dunha sociedade que á súa vez lles dá as costas.

Autoría: Eduardo Blanco Amor

Dirección: Ánxeles Cuña Bóveda

Adaptación: Begoña Muñoz, Carlos Couceiro

Escenografía: Suso Díaz

Iluminación: Suso Díaz

Son: Vadzim Yukhnevich, Yuri Sidar

Vestuario: Ruth D. Pereira

Música: Vadzim Yukhnevich, Yuri Sidar

Elenco: Fernando Dacosta, Suso Díaz, Josito Porto, Nate Borrajo, Rosa Álvarez, Elena Seijo, Sabela Gago, Fina Calleja, Tito Asorey

SARABELA TEATRO Recoñecida como unha das compañías máis consolidadas de Galicia, Sarabela Teatro leva 29 anos de traballo incesante nos que o compromiso coa realidade se manifesta en cada un dos seus espectáculos.

Conta con seis Premios Compostela, trinta María Casares, cinco FEIEN e un Celestina. Foi finalista en dúas ocasións nos Premios Max e en Teatralia. Recibiu dous premios de honra: Xiria e Abrente, e obtivo o premio do espectador no FLOT de Carballo.

Ionesco, Kundera, Mishima, S. Beibel, M. Rivas, Calderón, Lorca ou Blanco Amor, entre outros, deixaron pegadas inesquecibles nunha prolífica traxedia que foi derivando cara á produción de textos de autoría propia con títulos como *Tics*, *Margar no pazo do tempo* ou *Dáme veleno*.

Tel.: 988 247 483 / 629 860 580
sarabela@yahoo.es
www.sarabelateatro.com



FEIRA DAS ARTES ESCÉNICAS 2009

Organiza: Axencia Galega das Industrias Culturais-AGADIC
www.feiradasartesescenicas.com | www.agadic.info
 981 577 126 ext. 103 | 618 029 800



Colaboran:

